

Comisión de Calidade da ETSE

Acta reunión 03/12/2008, 12:15, Sala de Xuntas X3.1 ETSE

Asistentes:

- Juan Manuel Lema Rodicio (Presidente)
- María José Carreira Nouche (Responsable de Calidade do Centro: RCC)
- Maite Moreira (Coordinadora Mobilidade e Relacións Exteriores)
- Juan Manuel Garrido (Coordinador titulación Enxeñaría Química)
- Francisco Omil (Coordinador Máster Enxeñaría Ambiental)
- M^a Carmen Palacios (Responsable da Unidade de Apoio)

Orde do día:

1. Introducción do Presidente
2. Presentación dos manuais do SGIC da USC (RCC).
3. Rolda aberta

1. Introducción do Presidente

Esta é a primeira reunión da Comisión de Calidade do Centro e polo tanto o Presidente fai unha introdución ao que a Dirección do Centro entende como política de calidade, unha ideoloxía de centro, utilizando o SGIC (Sistema de Garantía Interna de Calidade) definido pola USC como unha ferramenta, non como un fin. O SGIC axuda a sistematizar moitos dos procesos que actualmente xa se están a desenvolver na ETSE, pero dunha forma desordenada e con distintos formatos.

2. Presentación dos Manuais do SGIC da USC

A Responsable de Calidade do Centro fai unha presentación dos obxectivos do SGIC. Os Manuais están formados por 10 capítulos, o Cap. 1 de introdución ao SGIC, o Cap. 2 de Presentación do Centro, o Cap. 3 de cómo o centro organiza a súa estrutura para facer o seguimento e implantación do SGIC (RCC, CCC, coordinadores titulacións, etc.).

Os demais capítulos fan referencia ao desenvolvemento de distintos ámbitos de actuación do SGIC, algúns máis fortemente dependentes da Administración da USC que da propia ETSE.

En concreto, o capítulo 4 mostra a política e obxectivos de calidade do centro. Móstrase un borrador de obxectivos despregados en accións desenvolvidos polo equipo directivo anterior, como base de discusión e ideas da que partir.

Faise tamén un resumen dos obxectivos de cada un dos demais capítulos do manual, que representan diferentes ámbitos de actuación dentro da política e obxectivos de calidade do centro:

5. Garantía de calidade dos programas formativos.

6. Orientación á aprendizaxe
7. Persoal académico e de apoio
8. Recursos materiais e servizos
9. Resultados da formación
10. Información pública

3. Rolda aberta

Existe unha opinión xeral entre os asistentes de que o SGIC nos absorberá demasiado tempo, polo complicado de tódolos procedementos e pola asignación de demasiadas tarefas. O Director aclara que iso non ten porqué ser así, senón que debemos utilizalo na medida do posible como forma de sistematizar as tarefas, a maioría das cales xa se están realizando tanto dende a coordinación das distintas titulacións, como dende as comisións da ETSE.

O director suxire a creación dunha base de datos con diferentes indicadores e cifras da ETSE, para ter dita información centralizada.

Se indica tamén que se deben incluír os obxectivos da administración do centro, que coordina a Xerencia da USC, posto que na política e obxectivos de calidade se inclúe a todo o persoal da ETSE.

En resumen, despois de unha discusión, chegamos a que o obxectivo principal da comisión de calidade do centro, que definirá a política e obxectivos de calidade, debe ser:

Definir unha misión e visión de onde queremos que se dirixan os esforzos da ETSE en canto a calidade de tódolos aspectos da mesma: quen somos, qué queremos facer e ónde queremos estar.

Definir una táboa de obxectivos xerais, examinar cáles están máis lonxe de conseguir e actuar principalmente sobre eles. Sobre os demais obxectivos que xa están en marcha de forma exitosa, tentar sistematizalos para que non absorban tanto tempo.

Tentar implicar a tódalas persoas do centro: PDI, PAS e estudantes, na consecución dos obxectivos de calidade do centro.

Para a definición desta política e obxectivos de calidade propónse a celebración dunha xornada para a primeira semana de febreiro de 2009. Se tentará contar co a axuda dun técnico de calidade que dinamice a xornada.

Sen máis, remata a reunión ás 13:45